TOSE FERINA

A tose ferina é unha infección aguda das vías respiratorias causada pola bacteria *Bordetella pertussis*, patóxeno exclusivamente humano que se transmite por un contacto estreito coa persoa infectada.

Os casos con tose ferina, confirmada ou sospeitosa, deben tratarse con antibiótico o mais pronto posible, e os nenos deben ser excluídos de centros escolares e garderías durante 5 días a contar dende o comezo do tratamento. O mesmo hai que facer cos casos que traballan nestes centros.

Ademais, e unha vez que se recuperen da súa enfermidade aguda, os casos non vacinados previamente ou os casos ata os 7 anos de idade parcialmente inmunizados, deben completar a vacinación primaria e a dose de recordo segundo calendario vacinal.

O manexo dos contactos dos casos de tose ferina pódese consultar na ligazón de abaixo.

Volume 4 - Nº 23: O manexo dos contactos dos casos de tose ferina

Vacinación na embarazada

Información sobre a vacinación fronte á tose ferina nas mulleres embarazadas.

VACINACIÓN FRONTE A TOSE FERINA

PROGRAMA GALEGO DE VACINACIÓN (PGV)

A TOSE FERINA EN GALICIA

A TOSE FERINA EN GALICIA DE 1983 A 2018